



XOSÉ

Mónica: Ola. Chámome Mónica. Quero contarvos algo sobre o meu amigo Xosé.

Xosé é un neno que chegou a nosa clase hai dous cursos. Cando chegou todos quedamos abraiados porque era moi, moi raro.

Falaba cunha voz que non subía nin baixaba, a todos nos chamaba a atención, e teño que recoñecer que nos empezamos a rir del ao pouco de coñecelo. Si, xa sei o que estades pensando. Que rirse de alguén está moi mal, agora seino, pero é o que facíamos daquela.

O mestre dicíanos que non nos podíamos rir, que Xosé tiña un problema, pero non podíamos evitalo.

A quen non lle fai graza escoitar esta voz?

Xosé: Chámome Xosé. Teño 8 anos. Os meus apelidos son Méndez Lourido. Os meus pais chámanse Monse e Luis. Teño unha cadela que se chaman Pipa e un paxaro que se chama Pipo. Gústame moito moito ler e os dinosaurios. Paréceme que teño uns compañeiros moi feos, e un profe un pouco gordo!!!!

Mónica : Xa vedes. Fala moi raro non? E di o que lle da a gana. Pois por iso nos empezamos a rir. O mestre rifounos pero cando non nos vía seguíamos rindo del.

Ao día seguinte de chegar, cando estábamos no recreo o seu compañeiro chamábao e non contestaba nada.



Pedro: Xosé, Xosé , Xosé (berrando)...
Pero este está xordo coma unha tapia!!
Xosé , Xosé,... ou está xordo ou é parvo!

Mestra : (chamando a Xosé): Xosé, estate chamando Pedro!!

Xosé : (Pasa de largo e non di nada, vai cantarruxando unha canción)..

Mestra : Pero isto é o colmo da maleducación, Xosé, ven aquí! (achégase a Xosé moi enfadada)

Xosé : (Achégase sen mirar á mestra): Que pasou?

Mestra: Pasa que te estou chamando e non contestas. E mírame á cara (Xosé non mira nada). Non me ves ou que?

Xosé: (enfadado) Si que vexo, como non ía ver se teño dous ollos coas pupilas, á córnea, nervio óptico, cerebro que funciona perfectamente. Que pregunta é esa? Como non ía ver se non teño enfermos os ollos? (cada vez máis enfadado) . Como non ía ver se non estou durmido que estou esperto, como non ía ver se estamos cerca e non hai nada que o impida!!



Neno1 : A mestra estaba a piques de darlle un infarto.
Que lle pasaba a Xosé ??

Nena 11: Ao día seguinte a nosa mestra mandounos xogar con Xosé para que non estivera so pero el sentouse nun recuncho e púxose a facer debuxos con pedriñas. Cando estaba todo feito pasou por alí Andrés e pisoulle as pedras e estragoulle o debuxo. Xosé púxose furioso.

Xosé : Como puidiches facer iso? Como me estragache o debuxo dos Planetas? Como poideche? Como me písache as pedras se non se pode molestar a un compañeiro? Tes que ir ao cárcere, es un malvado, un mal bicho, un estúpido, un delincuente, unha mala persoa, un abusón, un ...

Andrés : Perdón Xosé, foi sen querer!!

Xosé: Písacheme os planetas, písacheme os planetas, písacheme os planetas e fixéchelo adrede.

Roxe: Non te poñas así Xosé, estivo mal pero non é para tanto! Veña volvemos colocar as pedriñas e xa está.

Xosé: Non, non está, non volverá ser o mesmo. Este debuxo xa non volve existir, está estragado, non ten remedio, é horrible, unha traxedia, un desastre, un día horroroso, non volverei ao colexio nunca mais.



Andrés: De verdade que foi sen querer Xosé, perdoa home! Síntoo !!

Xosé : Non foi sen querer, non foi sen querer, non foi sen querer!

Narrador 1 :O mestre chamounos para dentro pero Xosé seguía moi enfadado.

Ao día seguinte estábamos na clase e o mestre escribiu no encerado a data coa cor vermella. Xosé volveuse enfadar:

Xosé: Non pode ser! A data sempre se escribe en branco. Nunca se pode escribir en vermello, como se vos ocorre escribir a data en vermello? Que horror! Que fastidio! Que barbaridade!!

Narrador 2: Todos empezamos a rir e Xosé cada vez se poñía máis furioso.

Xosé : (Chorando) Tontos, tontos , tontos, idiotas, estúpidos...

Narrador 1: Pouco a pouco o profe foino calmando e empezou a explicar. Cando estaba explicando Xosé empezouse a rir no medio da clase.

Xosé : jajajaja,



Narrador 1: O mestre foi xunto del e tropezou cunha mesa e caeu ao chan.

Levantouse con cara de dor pero dixo que non pasaba nada, que fora un accidente, e todos saíron ao recreo. Os nenos estaban tan enfadados que empezaron a rifar con Xosé.

Nena 1: Es un maleducado. Un pesado. Pola túa culpa caeu o profe.

Nena 2: Non queremos que sigas no colexio. Estabamos moi agusto sen ti.

Neno 1: Lisca de aquí tonto, tesnos aburridos, non sabes xogar, nin escoitar, enfádaste seguido... oxalá non volvas a este colexio.

Nena 1 : Se mañá non ven o profe, vaste enterar!

Nena 2: Es un choricás, un caprichoso, un mimado, só sabes chorar

Neno 1 : E non se che ocorra chivarte, senón verás o que che pasa!!

Narrador 2 : Xosé tapaba as orellas coas súas mans. Estaba cada vez máis nervioso, berraba, patalexaba, choraba e daba voltas ao redor de si. Rematou o recreo e o profe viu que Xosé estaba chorando moi nervioso pero



por máis que lle preguntou que lle pasaba non era capaz de dicir nada.

Nena 1 : Non lle pasa nada mestre, chora por calquera cousa!

Nena 2 . Ao mellor se acorda da súa nai. Como hai pouco que chegou!!

Neno 1 : Si , pobre, aínda está triste no cole!

Mestre : Pois xa sabedes, temos que axudarlle ;

Mónica: Pero a intención dos nenos non era axudar!! Ao día seguinte o profesor estaba explicando e un neno pediu para ir ao baño. Xosé repetiu o mesmo. E así moitas veces.

Pedro:: Profe, poido sacarme a chaqueta?

Xosé : Chaqueta, chaqueta, chaqueta

Nena 3 : Poido ir ao baño?

Xosé : Baño, baño, baño.

Nena 2 : Profe, poido subliñar o exercicio?

Xosé: Exercicio, exercicio, exercicio

Nena 3 : Dándolle un belisco : calas ou que? Tonto!!

Xosé : Tonto, tonto.

Profe : Cala Xosé! E vos, atendede ao voso.

Mónica. Todos estábamos moi enfadados con Xosé. Agora tamén nos facía burla. Repetía sen parar o que dicíamos! O profe non dicía nada, isto non podía ser, se el non actuaba, teríamos que solucionaralo nos!



Cando volvemos saír ao recreo achegámonos a Xosé e volvémoslle dicir:

Neno 1 : Pero aínda non te vas deste colexio?

Nena 3 : Mira que es parvo, por que repites o que dicimos nos?

Neno 1 : Vaite marchando para onde estiveche sotonto!

Nena 3 : Como volvas burlarte de nós verás!

Narrador 1 : Outra vez empezou a chorar Xosé. Volvía tapar as orellas pero un neno empezoulle a berrar no oído. Iso púxoo aínda máis nervioso. Empezou de novo a berrar e a patalexar e dar voltas. A profesora achegouse a ver o que pasaba pero os nenos dixéronlle que Xosé empezara a chorar sen saber por qué. Coma sempre Xosé non dixo nada, por máis que o profesor preguntou non contestou o que pasaba, seguía chorando en voz baixa.

Monica: Ao día seguinte estábamos na clase e o profe dixo que xogáramos aos oficios. Tiñamos que facer de enfermeiras, de médicos, de persoal de limpeza...Xose enfurruñouse e dixo que non xogaba a nada de iso.

Xose : Que tontería é iso ¡ Como vou xogar a curar un moneco! Os monecos non están enfermos! Non vedes que non fala? Non vedes que non teñen vida??

Nena 3: O que nos faltaba! Outra vez este parvo dando a lata. Eu voume do seu equipo. (marchouse lonxe de Xosé).

Nena 11: Eu tamén me vou.



Nena 4: .Serás tonto ¡ Non sabes xogar!! Pesado, pelma, estamos fartos de escoitarte!

Nena 3: Non te quero nunca no meu equipo, non te atrevas a elixirme!

Nena 4: Séntate na túa cadeira e déixanos en paz!!

Roxe : Ven para o meu equipo Xosé, eu quero estar contigo!

Xosé : Vou vou, cóntoche algo dos planetas?

Narrador 2: A profesora dixo que podían merendar , que hoxe convidaba Anselmo que estaba de cumprir.

Anselmo: Vou darvos uns caramelos e unhas galletas. (vai repartindo e chega xunto de Xosé). Xose, toma estas galletas e estes caramelos.

Xosé : Non, non pode ser. Como me vas dar unhas galletas e uns caramelos se ti díxeche que nos dabas caramelos e galletas? Como podes facer estas trampas? Isto é inxusto, non pode ser certo, tramposo, cambias a orde das cousas, mentireiro, tramposo, tramposo (berrando)...

Anselmo : (nervioso) : Pero Xosé, é o mesmo, non te preocupes. Douche logo primeiro os caramelos e logo as galletas. Non pasa nada!!

Xosé : Si que pasa, si que pasa, non quero as galletas, non quero as galletas, non quero as galletas!

Anselmo : Por favor Xosé, equivoqueime, tomar estes caramelos e logo douche as galletas!!



Profe: Deixa Xosé, tranquilízate, non pasa nada....

Narrador 1 : A seguinte hora tiñan que facer un traballo de naturais. O mestre preguntou quen sabía o nome dos planetas.

Xosé : Os planetas son : Mercurio, Venus, A Terra, Marte, Xúpiter, Saturno ,Urano... Plutón agora non é un planeta. O tamaño de Mercurio é... Venus ...

Nena 5 : Todos nos quedamos abraiados. Non era ningún tonto , mira que sabía cousas!! Non paraba de falar... estábamos tomando o pelo!! Teríamos que darlle un escarmento para que se fora dunha vez.

Nena 6 : Preparamos un plan. Xa viramos que non sabía xogar , que tomaba todo segundo se lle dicía, así que íamos mandalo xogar a pandar, que contara ata 200 antes de perseguirnos e así non nos atoparía nunca. Así o fixemos. Aquel mesmo día invitámolo a vir con nós a un campo cerca do colexio.

Nena 5 . Xosé, pola tarde queremos que nos axudes con matemáticas que ti sabes moito.

Xosé : Vale, eu sei contar moito e facer contas e facer problemas e sei a táboa de 12 e a do 13 e....

Nena 6 : (rindo). Xa, xa, por iso!

Pedro: Claro, por iso, ti sabes moitas cousas!

Anselmo: Si, moitas moitas cousas!!

Xosé: Bueno pois quedamos ás 4.



Narrador 2 : Así o fixeron , as 4 foron a un campo e dixéronlle que ían facer un exercicio de contar. Tiña que contar ata 200 cos ollos pechados e despois xa o felicitaban. Mentres eles escribirían na libreta.

Xosé: ¡,2,3,.....100,150,,200

Xosé: (moi asustado). Onde estades? Onde estades? (berrando): Mónica, Tomás,
Chorando e dando voltas sobre si mesmo: Onde estades?
Onde estades?

Narrador 2 : Por fin pasou por alí a directora do colexio. Viu a Xosé chorando, achegouse a el e preguntoulle que lle pasaba.

Directora: Que pasou Xosé? Que fas aquí so?

Xosé : (chorando moi forte) : Tiveron que secuestrar os meus compañeiros, non están aquí, estaban escribindo números, e agora non están...Temos que avisar á policía!!!

Directora: Imos Xosé, non lles pasou nada, agora imos para a casa e mañá xa falaremos...

Nena 7: Ao día seguinte a directora e a profesora viñeron á nosa clase. Estaban moi serias e enfadadas.

Preguntaron quen estivera o día anterior con Xosé.

Ao primeiro ninguén levantou a man, pero pouco a pouco fomos levantando a man os 5.

Profe: Que pasou?

Anselmo: Que estamos fartos de Xosé, faise o tonto e moléstanos moitas veces e non é ningún parvo. Vemos que é moi listo e que nos toma o pelo e decidimos darlle un escarmento.



Ontes mandámoslle contar ata 200 e el contou e despois escapamos.

Profe: Estou moi decepcionado con vos. Xa vos dixen que Xosé tiña un problema pero vexo que é necesario aclaralo. Falei coa familia e decidimos informarvos do que ten Xosé.

Narrador 1 : Ao pouco chegou o psicólogo do colexio.

Psicólogo: Vouvos contar que ten Xosé. Xosé ten síndrome de Asperxer . É un neno moi listo pero cunhas características determinadas: a primeira é que o seu cerebro é moi científico,

Nena 7 : Que é iso?

Psicólogo: Pois no seu caso é moi bo coas matemáticas, na resolución de problemas, en ver figuras no espazo e sabe moitas cousas de naturais e sociais. Fíxase moito nos detalles.

Nena 7 : E logo por qué fai o parvo?

Psicólogo: Non é a propósito. El non entende as bromas, nin as normas dos xogos, nin os cambios, nin sabe facer amigos.

Nena7 : Pero enfádase sen motivo!!É moi caprichoso!! E empeza a rir no medio da clase.

Psicólogo: Non é caprichoso. El entende as frases segundo se din e se hai algún cambio xa sofre moitísimo!!E as veces ri ou chora sen poder controlarse!!Non o fai por molestar. Temos que axudarlle entre todos nestas cousas.



Nena 8 : Profe, eu estou moi triste e arrepentida do que fixen. Creo que os meus compañeiros tamén. Tratamos moi mal a Xosé e chorou moito pola nosa culpa.

Profe: E agora que podedes facer?

Nena 8: Pois podemos turnarnos para axudarlle cada día.

Profe: Estadades moi equivocados. Hai moitas cousas nas que podedes axudarlle a Xosé pero noutras poderá axudarnos el moito.

Nena 9: Si, xa vemos que sabe moitas cousas. En matemáticas e o mellor da clase!

Nena 10 : E en sociais, sabe todo dos planetas!! Eu quero que estea no meu equipo!

Nena 9 : Non, quero que estea no meu!!

Nena 10 : Bueno, pois o profe xa o vai cambiar dun para o outro.

Nena 9 : E así foi. Xosé estivo en varios equipos ao longo do curso. Axudábanos sempre en lingua, en mates, en naturais e nos axudabámoslle nos xogos, coas bromas , no que podía dicir e o que non, e cando empezaba a rir sen xeito mandabámoslle calar.

Nena 10: Descubrimos que Xosé era moi bo amigo, sempre estaba disposto a axudarnos, nunca mentía nin enganaba a ninguén. Máis ben o contrario, podía dicir verdades que molestaban. Nisto tiñamos que axudarlle nos, pero pouco a pouco foi aprendendo a calar.

Mónica: Ao final fixemos un grupo tan bo na clase que polo Nadal fixemos un festival e todos xuntos bailamos esta canción.

M^a Carmen Ogaza